



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 10 DE ABRIL DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea director xeral do Gabinete de Presidencia a Abel Losada Álvarez
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Oroso (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Ponteceso (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Trazo (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Trazo (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Muíños (A Coruña)
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Cuntis (Pontevedra)
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Cuntis (A Coruña)

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se nomean vogais do Consello Executivo da Axencia de Protección de Legalidade Urbanística
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de acondicionamento da estrada AC-433 Ponte do Porto-Laxe



- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica LU-221 (N-640)-Palas de Rei (N-547) P.K. 0+000 ao 0+660 a prol do concello de Monterroso
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica PO-314, P.Q. 0+000 ao 0+720 e do treito da estrada PO-551, P.K. 24+700 ao 26+050 a prol do concello de Moaña

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Manuel Peña Penabad como secretario xeral da Consellería de Sanidade
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Pilar Fernández Romero como secretaria xeral da Consellería de Sanidade

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller pola que se establecen as bases reguladoras, que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento de liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Consello Galego da Avogacía, para o funcionamento do servizo de orientación xurídica
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Consello Galego de Procuradores, para o funcionamento do servizo de recepción de copias e notificacións

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversación os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia e se autoriza o gasto plurianual previsto

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a validación do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), para o desenvolvemento dunha actuación que fomente a maior participación dos medios colectivos no transporte por estrada

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural, para a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización de traballos para a mellora e conservación do patrimonio natural dos soutos en Galicia por un importe total de douscentos cinco mil euros (205.000)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a adquisición de vacinas para o Programa Galego de Vacinacións

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña, para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación na ría do Burgo no ano 2008

CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mesía para a execución da obra Mellora de abastecementos na Comunidade Autónoma. Ampliación da rede de distribución de auga no concello de Mesía (A Coruña), por importe de un millón setenta e nove mil cincocentos corenta euros con setenta e catro céntimos



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co concello de Paradela para a execución das obras 'Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Abastecemento de auga a Paradela. Paradela (Lugo)', por importe de trescentos trinta e nove mil cincocentos setenta e cinco euros con un céntimo

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións no momento da súa concesión, na orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade, no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta do Programa de dotación do auxiliares de conversación en centros docentes non universitarios dentro do Plan de Linguas Estranxeiras 2007/2008

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta sobre os acordos asinados entre o Servizo Galego de Saúde e as organizacións sindicais no ámbito da atención primaria



O CONSELLO APROBA AS BANDEIRAS E ESCUDOS OFICIAIS DE TRAZO E CUNTIS, O ESCUDO DO CONCELLO DE MUÍÑOS E AS BANDEIRAS DE PONTECESO E OROSO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establecen as conformacións oficiais das bandeiras e escudos oficiais dos concellos de Trazo e Cuntis, das bandeiras de Oroso e Ponteceso e do escudo municipal de Muíños.

Así, a bandeira de Trazo (A Coruña), é de pano verde cun castelo de branco, e á súa dereita ten un lobo pasante (representado en actitude de camiñar) de branco. O escudo do municipio ten en campo de sinople (verde) un castelo de prata (branco), adestrado dun lobo pasante del. O timbrado é de coroa real pechada.

Pola súa banda, a bandeira do Concello de Cuntis (Pontevedra) ten sobre pano azul unha torre e estrela de amarelo, flanqueadas de dúas serpes enfrontadas da mesma cor, coas linguas en vermello. O seu escudo está organizado de xeito que de azur (azul) e sobre ondas de prata hai unha ponte de ouro (amarelo); sobre ela están unha torre e unha estrela tamén de ouro e, nos flancos, dúas serpes da mesma cor linguadas de gules (vermello) e enfrontadas. Ao timbre, coroa real pechada.

Bandeiras de Oroso e Ponteceso

Polo que se refire á bandeira municipal de Oroso (A Coruña), ten en pano de verde unha franxa horizontal de amarelo cun castiñeiro vello, froitado de catro ourizos e abrazado por unha hedra.

A bandeira do concello de Ponteceso (A Coruña), segundo o texto aprobado hoxe polo Consello da Xunta, ten pano azul cunha ponte de amarelo, de cinco arcos apuntados, sobre o terzo de abaixo; e dúas cabezas de lobo -coas linguas en vermello- enfrontadas no centro dos terzos de enriba.

Escudo de Muíños

Por último, o escudo de Muíños (Ourense) organízase de xeito que en campo de prata, en xefe (peza fundamental ou de honor, que ocupa a terceira parte superior do escudo) encaixado de tres puntas altas de sinople cunha ponte de ouro a dúas augas, sobre ondas de prata e azur. O bordo é de gules, con seis dolmens de prata en xefe e seis rodas de muíño de prata en punta. O timbrado é de coroa real pechada.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA OS CATRO VOGAIS DE REPRESENTACIÓN AUTONÓMICA NO CONSELLO EXECUTIVO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *Os representantes elixidos son os decanos dos colexios de arquitectos e enxeñeiros e dúas altas funcionarias da Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta nomeou hoxe, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, os catro vogais que formarán parte do Consello Executivo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística en representación da Comunidade Autónoma. Os representantes autonómicos serán Carlos Nárdiz Ortiz, decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, canles e Portos de Galicia; Celestino García Braña, decano do Colexio de Arquitectos de Galicia; Rosario Puente Vázquez, subdirectora xeral de Réxime Xurídico Administrativo da CPTOPT; e María Teresa Nieto Freire, subdirectora xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago da Consellería de Cultura e Deporte. Este Consello deberá completarse cos catro vogais de representación local que nomeen os concellos que voluntariamente se adscriban á APLU.

A APLU -constituída de xeito efectivo o pasado mes de novembro tras a aprobación dos seus estatutos e cuxa estrutura orgánica foi aprobada hai un mes polo Consello da Xunta- é un ente consorciado cos concellos que se encargará da vixilancia e inspección do territorio coa finalidade esencial de velar pola utilización racional do solo conforme o disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre así como áreas especialmente sensibles.

Estrutura

A estrutura orgánica da Axencia está composta polos órganos directivos (o Consello Executivo para o que hoxe se nomearon os vogais de representación autonómica e o director ou directora da APLU), a Subdirección da Axencia (baixo a dependencia directa da dirección), as unidades administrativas centrais (nas que se inclúen os Servizos de Inspección Urbanística de ámbito territorial, o Servizo de Inspección do Litoral e o Servizo Técnico) e as unidades administrativas provinciais (unha por cada provincia).

Funcións

Os estatutos recollen de xeito pormenorizado as funcións da Axencia, á que lle corresponde, entre outros, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lei do Solo, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes



sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.

Adhesión

Os estatutos (publicados no DOG do 16 de novembro) establecen que serán membros da Axencia aqueles concellos que voluntariamente se integren nela nos termos e condicións establecidos. A incorporación por parte dos concellos interesados realízase a través dun convenio de adhesión previamente aprobado polo correspondente Pleno da corporación e polo Consello da Xunta.



POLÍTICA TERRITORIAL TRANSFÍRELLE AOS CONCELLOS DE MOAÑA E MONTERROSO A TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DE ESTRADAS QUE FORON RECENTEMENTE URBANIZADOS

- *En Moaña transfírense treitos das rúas Ramón Cabanillas e Daniel Castelao que suman dous quilómetros mentres que en Monterroso son 660 metros da estrada a Palas de Rei*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous decretos polos que se autoriza o cambio de titularidade de varios treitos de estradas que pertencen á Comunidade Autónoma e que serán transferidos aos concellos de Moaña (Pontevedra) e Monterroso (Lugo). En ambos os dous casos, os treitos que se transfiren foron recentemente acondicionados e urbanizados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes no marco de convenios cos respectivos concellos. Neses convenios establécese o cambio da titularidade dos tramos unha vez mellorados de acordo co previsto na Lei de estradas de Galicia (4/1994), que recolle que “as estradas autonómicas ou provinciais ou treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos”.

No caso de Moaña, a CPTOPT transferirá máis de dous quilómetros de vías repartidos entre a estrada Cangas-Rande (PO-551), do punto quilométrico 24,700 ao 26,050, que se corresponden coa rúa Ramón Cabanillas, e toda a estrada de acceso ao porto do Con (PO-314), tamén denominada rúa Daniel Castelao, de 720 metros.

No caso de Monterroso, a Consellería de Política Territorial cédelle ao Concello un treito que se corresponde coa travesía da estrada Monterroso-Palas de Rei (LU-221), entre os puntos quilométricos 0 e 0,660.

As transferencias de todos estes treitos foron solicitadas polos propios concellos e contan cos informes favorables da Dirección Xeral de Obras Públicas. As entregas formais realizaranse mediante a sinatura das correspondentes actas, nos dous meses seguintes á publicación no DOG dos decretos aprobado hoxe. A partir dese momento, os concellos de Moaña e Monterroso asumirán a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 4,6 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LAXE-PONTE DO PORTO

- *As obras adecuaranse ás características do tráfico en cada treito, creando variantes e incorporando beirarrúas nas zonas xa urbanizadas e respectando ao máximo a paisaxe nos treitos con menos circulación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos terreos necesarios para que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acometa os traballos de acondicionamento da estrada AC-433 que vai dende Laxe ata a conexión coa estrada Vimianzo-Camariñas (á altura do cruce de Recesindes), ao longo de 12,6 quilómetros. A CPTOPT investirá 4,6 millóns de euros nesta actuación, dos cales 917.000 euros irán destinados ao pago das expropiacións das 696 fincas afectadas nos termos municipais de Vimianzo e Laxe.

As obras que acometerá Política Territorial terán en conta tanto as características do tráfico que circula por esta estrada como os condicionantes urbanos e paisaxísticos da zona, moi accidentada. Así, nos treitos nos que está previsto un maior volume de tráfico, que se corresponden coas zonas urbanizadas entre Laxe e o cruce en Soesto coa estrada provincial que comunica con Baio, realizaranse correccións de trazado e variantes que eviten no posible as travesías actuais. Estas variantes terán dous carrís de 3,5 metros de ancho e beiravías de un metro. Tamén terá un tratamento específico a entrada a Laxe, na que se incrementarán o número de aparcadoiros e ampliaranse e prolongaranse as beirarrúas. Estas actuacións suporán unha importante mellora tanto para os condutores como para os peóns, proporcionando unha maior seguridade viaria a ambos e reducindo os tempos de percorrido.

Por outra banda, nos treitos onde a intensidade de tráfico é menor, entre a estrada provincial e a estrada Vimianzo-Camariñas, a mellora da estrada realizarase procurando reducir ao mínimo as afeccións á paisaxe. Nestes treitos melloraranse os firmes, as drenaxes, as marxes e as incorporacións á estrada sen modificar o trazado actual. Nestes treitos a estrada contará con dous carrís de tres metros e beiravías de un metro.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR DESTINA 500.000 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN A PROL DAS MULLERES

- *O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades locais*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a convocatoria por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI), adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia, dunha liña de axudas para a realización de programas formación a prol das mulleres por parte das entidades locais. O importe destinado a estas subvencións ascende a 500.000 euros, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo.

As subvencións para os programas de formación están destinadas a apoiar programas que teñen como obxectivo por unha banda, colaborar na inserción laboral das mulleres, impulsando a súa cualificación naquelas áreas de entrada no mercado laboral en que as mulleres son deficitarias (novas tecnoloxías, desenvolvemento sustentable...). Tamén se incide na formación para o emprendemento como unha vía de apoio ao programa EMEGA de estímulo ás mulleres emprendedoras galegas. Subvenciónanse tamén outros proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores.

Poderán solicitar estas axudas os municipios que contén cun plan de igualdade en vigor ou en elaboración aprobado en pleno. As destinatarias das accións formativas serán mulleres con residencia en Galicia maiores de idade ou emancipadas, dando preferencia ás mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como ás que desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida familiar e laboral.

Conciliación

Para facilitarlles ás alumnas a conciliación da formación e a vida familiar, ademais dos gastos imputables aos cursos, establécense como gastos subvencionables os que deriven da prestación de servizos de gardarías ou asistencia domiciliaria no horario lectivo, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo. Ademais, prevense bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada, e axudas de transporte para aquelas mulleres que residan a máis de 3 quilómetros do lugar onde se imparta o curso.

Ao abeiro desta orde, poderanse financiar o 100% dos custos de accións formativas deseñadas con base nos contidos das accións formativas incluídas no directorio do



Servizo Galego de Igualdade de formación sociolaboral para mulleres, e as non incluídas no punto anterior pero que teñan carácter experimental ou innovador ou cualificadas como de especial interese. Todas as accións formativas incluírán obrigatoriamente un módulo de igualdade de oportunidades e outro de orientación e información profesional.



A XUNTA ACHEGA 180.000 EUROS PARA O SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DOS COLEXIOS DE AVOGADOS DA COMUNIDADE

- *Tamén destinará 178.000 euros ao Consello Galego de Procuradores, para o funcionamento do servizo de recepción de copias e notificacións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do servizo de orientación xurídica nos colexios de avogados da Comunidade. Con este obxectivo, a Xunta achegará 180.000 euros.

O servizo de orientación xurídica comprende a prestación do asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso para as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses, no marco da Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta e do Decreto da Xunta de Galicia 146/1997, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello da Avogacía distribuirá esta subvención entre os sete colexios que o integran -A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo-, conforme os criterios adoptados no acordo unánime do Pleno do Consello da Avogacía Galega na súa xuntanza do 5 de setembro de 2001.

Consello Galego de Procuradores

Doutra banda, o Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o Consello Galego de Procuradores para o funcionamento do servizo de recepción de copias e notificacións. Con este fin, a Consellería achegará un total de 178.000 euros.

A actividade deste servizo desenvolve a recepción das notificacións e o traslado de copias de escritos e documentos a que se refire o artigo 276 da Lei de axuizamento civil, o que fai necesaria unha oficina física para esta actividade nos edificios xudiciais. Este artigo establece que cando todas as partes estean representadas por un procurador, cada un destes deberá trasladar con carácter previo aos das restantes partes as copias dos escritos e documentos que vaia presentar ao tribunal. Este traslado efectuarase entregando ao servizo de recepción as copias dos documentos que irán destinadas aos procuradores.

Segundo o texto do convenio, o Consello actuará como entidade colaboradora para completar a implantación en todos os edificios xudiciais que sexan sede de tribunais civís do Servizo de Recepción de Copias e Notificacións, organizado polos colexios de procuradores. A Consellería, pola súa banda, subvencionará os colexios de



procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, polos gastos derivados do funcionamento do servizo obxecto durante o ano 2007.



AS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS CONTARÁN O PRÓXIMO CURSO CON 29 AUXILIARES DE CONVERSA

- *Consello da Xunta autorizou un convenio entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Consellería de Educación para a dotación de 13 auxiliares de conversa de inglés, 7 de francés, 7 de alemán e 2 de chinés*
- *Estes auxiliares terán a condición de bolseiros e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira*
- *A Administración educativa galega inviste 169.600 euros nesta acción*

O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dotar de 29 auxiliares de conversa ás Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de Galicia. A Administración educativa inviste un total de 169.600 euros nesta acción, distribuídos entre as anualidades de 2008 e 2009.

Deste xeito, o convenio ten por obxecto establecer o incremento de auxiliares de conversa destinados en centros educativos da Comunidade Autónoma. Así, o próximo curso 2008-2009 as EOI contarán con 13 auxiliares de inglés, 7 de francés, outros 7 de alemán, e 2 de chinés.

Estes auxiliares de conversa terán a condición de bolseiros e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino. O seu labor estará supervisado por un profesor titor, de acordo co plan de acollida aprobado no centro. A súa actividade estará enfocada á mellora da súa propia formación práctica na ensinanza de linguas nun contexto cultural diferente que enriqueza o seu coñecemento da cultura española en xeral, e da galega en particular.

Cada bolseiro percibirá 700 euros mensuais, desde o 1 de outubro de 2008 ata o 31 de maio de 2009. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará este gasto e asumirá, así mesmo, os gastos derivados da cobertura sanitaria daqueles auxiliares de conversa que non dispoñan da tarxeta sanitaria europea.

Xunta e MEC colaborarán ademais na organización do curso de acollida destes auxiliares. O Ministerio de Educación financiará os gastos correspondentes ao devandito curso, ata unha cantidade de 3.500 euros.

No curso 2007-2008 asinouse o primeiro convenio co Ministerio de Educación e Ciencia, mediante o cal se asignaron 27 prazas de auxiliares de conversa á rede de EOI de Galicia.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINARÁ A TRAVÉS DO INEGA 170.000 EUROS PARA POTENCIAR A MAIOR UTILIZACIÓN DOS MEDIOS DE TRANSPORTES COLECTIVOS POR ESTRADA

- *O Instituto Enerxético de Galicia colabora coa Dirección Xeral de Transportes, que conta xa con outros 330.000 euros achegados polo Ministerio de Fomento para o estudo de posibles plataformas exclusivas para o autobús nas áreas metropolitanas da Coruña e Vigo*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), dependente da Consellería de Innovación e Industria, e a Dirección Xeral de Transportes, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte para fomentar a maior participación dos medios colectivos no transporte por estrada para un maior aforro e eficiencia enerxética, en virtude dun convenio que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

Grazas a este convenio realizaranse estudos de viabilidade e de deseño básico para acometer infraestruturas de intercambiadores de transporte intermodais ou de carrís reservados para o transporte público no ámbito galego.

Ambas as dúas entidades intercambiarán información técnica, económica e social e promocionarán conxuntamente as accións necesarias para favorecer os intereses xerais en coherencia cos principios inspiradores da política enerxética. O Inega achegará ao proxecto 170.000 euros que a Dirección Xeral de Transportes destinará aos estudos nas áreas de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago.

Esta achega do Inega engádese aos 330.000 euros de subvención que xa aportou o Ministerio de Fomento á Dirección Xeral de Transporte para estudar a posible implantación de plataformas para o uso exclusivo do autobús nas áreas metropolitanas da Coruña e Vigo. A CPTOPT ten este estudo xa en fase de licitación.

En total, entre as achegas do Inega e do Ministerio de Fomento, a Dirección Xeral de Transportes dedica medio millón de euros ao estudo das plataformas reservadas en toda Galicia.



A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DESTINA 205.000 EUROS PARA A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DOS SOUTOS EN GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun un convenio de colaboración coa Deputación provincial de Pontevedra para a realización de traballos para a mellora e conservación do patrimonio natural dos soutos en Galicia.

Ao abeiro deste convenio, a Estación Fitopatolóxica de Areeiro, dependente da Deputación provincial de Pontevedra, desenvolverá métodos de loita contra pragas e enfermidades de especies e masas forestais con tecnoloxías avanzadas e persoal cualificado, co fin de poder estudar novos procedementos de determinación e de tratamentos eficientes.

Así, desenvolverase un programa de control biolóxico do chancro de castiñeiro (*Chyphonectria parasitica*) mediante a aplicación de cepas hipovirulentas detectadas en Galicia. Ademais, elaborárase un programa de loita biolóxica contra as principais pragas de insectos que atacan o froito do castiñeiro, mediante a identificación de especies de nematodos entomopatóxenos (NEPs), coa obtención de cepas adaptadas ás condicións galegas e coa realización de ensaios no campo e no laboratorio para corroborar a súa eficacia contra estas pragas.

Os traballos de captura e remisión de mostras de plantas e de solos serán coordinados pola Subdirección Xeral de Recursos Forestais, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. En total, destinarase un orzamento de 205.000 euros, distribuídos en tres anualidades.



SANIDADE DESTINA PRETO DE 30 MILLÓNS DE EUROS AO SEU PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN ENTRE 2008 E 2010

- *O investimento previsto neste concurso supón un incremento do 97 por cento respecto do anterior, licitado en 2006*
- *Desta cantidade, máis de oito millóns de euros están destinado á adquisición da vacina do virus do papiloma humano, que comezará a subministrarse este ano*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a Consellería de Sanidade para a adquisición de vacinas para o Programa Galego de Vacinacións para o período 2008-2010 por un importe total de 29.729.000 euros. Desta cantidade total, 8.112.000 euros están destinados á vacina do virus do papiloma humano, que este ano comezará a subministrarse.

No Programa Galego de Vacinacións, que conta cun amplo consenso respecto á súa efectividade e eficiencia, recóllense tanto as vacinas do calendario sistemático infantil como os produtos inmunobiolóxicos dirixidos aos adultos, e é responsabilidade da Dirección Xeral de Saúde Pública o abastecemento correcto e mantido de todos os puntos de vacinación, de xeito que non se altere a dinámica de traballo cotián dos centros asistenciais.

Neste concurso inclúense un total de 20 vacinas distintas, entre as que por vez primeira figura a do Virus do Papiloma Humano. A súa inclusión prodúcese despois de que a Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde -na cal están presentes técnicos de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade e das distintas comunidades autónomas- acordase introducir a vacina fronte ao virus do papiloma humano no actual calendario de vacinacións infantís. En Galicia acordouse introducir no calendario oficial galego neste ano 2008.

Malia o seu elevado grao de efectividade, esta vacina non elimina totalmente o risco de padecer o cancro de cérvix, polo que Sanidade mantén a súa recomendación de someterse aos programas de cribaxe de detección precoz desta enfermidade, así como ás medidas de protección ante outras enfermidades de transmisión sexual.

Dos case 30 millóns de euros que Sanidade vai investir en vacinas, os orzamentos deste ano recollen un total de 8.819.000 euros. O investimento previsto para 2009 é de 14.923.900 euros, e para 2010 prevense outros 5.986.100 euros.

A Dirección Xeral de Saúde Pública fai estes concursos bienais comezando no segundo semestre de cada ano, por razóns de operatividade. O anterior concurso destas características, correspondente ao período 2006 - 2008 tivo un importe total



de 15.090.200 euros, o que supón que o concurso que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta representa un incremento do 97 por cento.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONVENIO DO PLAN DE RECUPERACIÓN DO MARISQUEO DESDE EMBARCACIÓN NA RÍA DO BURGO

- *Esta modificación suporá ampliar o convenio vixente entre a Consellería de Pesca e a Confraría de Pescadores da Coruña ata o 31 de decembro deste ano*
- *O departamento autonómico vén desenvolvendo diferentes actuacións nas áreas de produción catalogadas como zona "C" para paliar as consecuencias desta clasificación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda para prorrogar o convenio de colaboración existente entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña para a realización do Plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación na Ría do Burgo. A modificación do acordo vixente suporá ampliar o prazo de realización das actividades previstas ata o 31 de decembro deste ano e para as que o departamento autonómico achegará unha contía máxima de 527.345,28 euros.

A medida aprobada hoxe polo Goberno galego obedece a que o seguimento do estado sanitario das augas e as actuacións previstas non fan agardar que as condicións microbiolóxicas dos bancos marisqueiros melloren sensiblemente a medio prazo, polo que Pesca considerou conveniente prorrogar o convenio actual ata o remate de 2008, xa que a data de vixencia establecida nel é o 30 de xuño. Non obstante, o acordo quedará sen efecto desde o mesmo día en que se faga efectivo o cambio de clasificación da Ría do Burgo de zona "C" a "B", aínda que tal circunstancia se dea antes do 31 de decembro deste exercicio.

Tanto a addenda como o propio convenio forman parte das iniciativas que está impulsando Pesca para paliar a diminución de ingresos dos profesionais do mar que traballan en zonas de produción catalogadas como "C", o que lles impide comercializar en fresco o recurso extraído nesas áreas. No caso dos mariscadores desde embarcación da Coruña, a Xunta xa vén desenvolvendo un plan de recuperación produtiva dende o pasado 2 de novembro de 2007, cando se asinou un convenio que posteriormente foi substituído por un documento suscrito a finais do ano pasado. Ademais, a consellería achega 574.861,20 euros para as actividades que están realizando as mariscadoras a pé na ría coruñesa no primeiro semestre deste exercicio, unha cantidade á que se suman os máis de 1,2 millóns de euros achegados o ano pasado para este colectivo.

Actividades realizadas polos mariscadores desde embarcación

O acordo vixente para os mariscadores a flote prevé accións dirixidas fundamentalmente a mellorar a calidade dos bancos marisqueiros e a manter o



substrato en condicións axeitadas, centrándose en tres medidas: limpeza de mexillón e restos antropóxicos na canle da autorización marisqueira; acondicionamento desas áreas unha vez que estean limpas; e traslados de ameixa babosa dende a canle de autorización ata a de libre marisqueo e o banco do Parrote, sempre que o aconsellen os ditames dos biólogos da Consellería de Pesca.

A estas actividades, que terán lugar durante un máximo de 120 xornadas de traballo e que poderán ser modificadas se a marcha dos traballos así o aconsella, engadiráselles accións formativas co contido e nas condicións que determine o departamento que dirixe Carmen Gallego. Neste eido cabe sinalar que o incumprimento das tarefas programadas sen xustificación por parte dalgún dos participantes, así como a extracción de marisco en zonas ou en épocas non autorizadas dará lugar á exclusión do plan de traballo, sen prexuízo das responsabilidades a que puidese haber lugar.

A medida que se vaian realizando as diferentes accións, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos procederá a realizar os correspondentes pagamentos (cada mariscador percibirá 82 euros por xornada traballada) logo da presentación da oportuna documentación por parte da Confraría de Pescadores da Coruña. Entre outras cousas, terá que acreditar que está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais e que non ten débedas pendentes de pagamento coa Xunta de Galicia, á vez que terá presentar factura emitida a nome da consellería correspondente ás accións realizadas, na cal constará desgranado o importe dos traballos realizados polos mariscadores e o relativo á coordinación e control do pósito.



MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO CORUÑÉS DE MESÍA

- *O proxecto ten un prazo de execución de 12 meses e será financiado na súa totalidade pola Xunta, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH)*

O Consello da Xunta acordou hoxe investir 1.079.540 euros na ampliación da rede de distribución de auga no concello coruñés de Mesía, a través dunha colaboración técnica e económica entre a Administración local e a autonómica para o financiamento e execución do proxecto.

Esta actuación ten un prazo de execución de 12 meses e consistirá na ampliación da rede de abastecemento de auga no concello de Mesía, mediante a colocación de 51.918 metros de novas canalizacións. Estas distribuiranse entre a conexión da rede existente co novo depósito; a execución dun subanel lateral na zona leste do municipio; a execución de ramais para o abastecemento directo a partir de tomas deste subanel, e a prolongación dos ramais do anel existente.

As obras serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), con cargo a dúas anualidades; a primeira, de 500.000 euros neste ano; e a segunda, de 579.540 euros no vindeiro ano 2009.



A XUNTA DESTINA 339.575 EUROS ÁS OBRAS DE MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO CONCELLO DE PARADELA (LUGO)

- *A obra ten un custo total de 399.500 euros, e será financiada nun 85% pola consellería, mentres que o concello asumirá o 15% restante*
- *Esta actuación, que ten un prazo de execución de seis meses, reforzará o actual servizo de abastecemento do municipio*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 339.575 euros ás obras de mellora da rede de abastecemento de auga a varias parroquias do concello de Paradela (Lugo). O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Administración local e a autonómica para acometer este proxecto, que ten un custo total de 399.500 euros e será financiado nun 85% pola consellería, e nun 15% polo concello, que realizará unha achega de 59.925 euros neste ano.

Esta actuación, que ten un prazo de execución de seis meses, ten por obxecto mellorar a rede de abastecemento a varias parroquias do municipio, de maneira que se reforce o servizo actual. En concreto, as obras consistirán na substitución da presa de captación, a instalación dunha caseta de captación e bombeo na marxe esquerda do río Loio, a impulsión desde a captación ata a estación de tratamento de auga (ETAP), a instalación dun depósito de auga e a execución da rede de distribución.

Así, a presa de captación existente substituirase por outra que terá unha lonxitude de 10,46 metros e un metro de altura, na cal se colocará unha escala de peixes e un desaugadoiro de fondo. Tamén se construíra unha caseta de captación e bombeo, na marxe esquerda do río Loio, cun pozo abastecido por un tubo e unha caseta na que se instalarán o grupo de bombeo e as válvulas. A impulsión desde a captación ata a estación de tratamento de auga (ETAP) realizarase mediante a instalación dunha rede tubo de 1.416 metros de lonxitude.

As obras completaranse coa construción dunha ETAP con capacidade para o tratamento de 500 metros cúbicos por día, e un depósito de almacenamento de 500 metros cúbicos de capacidade, xunto a unha rede de distribución de 3.405 metros de lonxitude.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO DESTINA MÁIS DE 14 MILLÓNS DE EUROS AO FOMENTO DO PROGRAMA PIONEIRO DE INSERCIÓN LABORAL 'EMPREGO CON APOIO'

- *Trátase dun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan aos traballadores con discapacidade severa, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se regulan as bases do novo programa de inserción laboral *Emprego con apoio*, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade severa no mercado ordinario de traballo. Trátase dun programa pioneiro polo obxectivo que persegue e pola envergadura orzamentaria, xa que o Goberno galego achega un orzamento de 14.842.691 euros para o desenvolvemento desta iniciativa.

Tal e como se recolle no texto da orde, as dificultades de acceso ao mercado laboral das persoas con discapacidade exigen un compromiso do conxunto da sociedade e unha actuación conxunta das administracións públicas, dos interlocutores sociais e das entidades do movemento asociativo da discapacidade. A finalidade última é conseguir a integración sociolaboral das persoas con discapacidade mediante o acceso a un emprego.

Para acadar o obxectivo da integración laboral das persoas con discapacidade articulouse un conxunto integral de políticas activas de emprego. Inclúe desde as accións formativas, de intermediación e orientación laboral, ata actuacións específicas de promoción do emprego. Nese sentido, destaca o fomento da contratación indefinida na empresa ordinaria, o fomento da integración laboral nos centros especiais de emprego e as subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional.

O Goberno galego considera que unha das medidas que favorecen a inserción das persoas con discapacidade no mercado de traballo ordinario é o emprego con apoio. Esta iniciativa consiste nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados aos traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral, que realizan a súa actividade en empresas do mercado laboral ordinario, en condicións similares ao resto dos traballadores que desempeñan postos similares.

As accións que se poderán desenvolver no marco do programa de emprego con apoio son actividades de orientación, asesoramento e acompañamento á persoa con



discapacidade. Deste xeito, elaborase un programa de adaptación ao posto de traballo a cada traballador con discapacidade.

Tamén se subvencionarán labores de achegamento e mutua axuda entre o traballador beneficiario do programa de emprego con apoio, o empregador e o persoal da empresa que comparta tarefas co traballador con discapacidade. Ademais tamén se financiarán as accións de apoio ao traballador no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias, de modo que se poida relacionar co contorno laboral nas mellores condicións.

Así mesmo, considéranse accións subvencionables desta orde o adestramento específico do traballador con discapacidade nas tarefas inherentes ao posto de traballo e o seguimento do traballador e a avaliación do proceso de inserción. Cómpre sinalar que esta acción terá por obxecto a detección de necesidades e a prevención de posibles ameazas ou riscos, tanto para o traballador como para a empresa que o contrata, que poñan en perigo o obxectivo de inserción e permanencia no emprego. Por último, tamén serán subvencionables os procesos de asesoramento e información á empresa sobre as necesidades e procesos de adaptación do posto de traballo.

Destinatarios das subvencións

As persoas destinatarias das axudas do programa *Emprego con apoio* son os traballadores con discapacidade inscritos no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego non ocupados. Tamén se beneficiarán destas axudas aqueles traballadores con discapacidade contratados por centros especiais de emprego con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ao 33%. As persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65% tamén poderán beneficiarse destas axudas. Por último, tamén se consideran beneficiarias as persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

Estes traballadores deberán ser contratos por unha empresa do mercado ordinario para ser empregados na organización produtiva da empresa mediante un contrato indefinido ou de duración determinada, sempre que a duración sexa como mínimo de 6 meses.

Entidades beneficiarias

Por outro lado, os promotores de proxectos de emprego con apoio e entidades beneficiarias das subvencións son as asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que subscriban o correspondente convenio de colaboración coa empresa que vai contratar os traballadores con discapacidade. Tamén poderán acollerse a esta liña de axudas os centros especiais de emprego, cualificados e



inscritos como tales, que asinen un convenio de colaboración coa empresa que contrata o traballador, procedente do mesmo centro ou doutro centro especial de emprego.

Por último, tamén serán beneficiarias destas subvencións as empresas do mercado ordinario, incluídos os autónomos, que contraten os traballadores con discapacidade. A estas empresas exíxeselles contar cun preparador laboral dentro do seu cadro de persoal.

Os preparadores laborais

As accións de *Emprego con apoio* serán levadas a cabo por preparadores laborais. Estes profesionais deberán estar en posesión dunha titulación mínima de formación profesional de grao medio ou equivalente e acreditar unha experiencia previa, mínima de un ano, en actividades de integración laboral de persoas con discapacidade.

As subvencións establecidas para esta figura laboral destinaranse a financiar os custos laborais e de Seguridade Social que se xeren durante o período de desenvolvemento do proxecto de *Emprego con apoio*. Cómpre sinalar que as contías se establecerán en función do número de traballadores, do tipo de discapacidade e do grao de minusvalidez.

Prazo de solicitude

As entidades interesadas en acollerse a este tipo de axudas poderán presentar a solicitude correspondente solicitude antes do día 30 de xuño do presente ano.



UN TOTAL DE 130 ALUMNOS REALIZAN TAREFAS DE AUXILIAR DE CONVERSA EN CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS

- *A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén de poñer en marcha esta iniciativa pioneira, que conta coa colaboración do Ministerio de Educación e Ciencia e das universidades galegas*
- *vindeiro curso 2008-2009 serán 190 os auxiliares de conversa enmarcados neste programa*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace a un informe da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o Programa de auxiliares de conversa en centros docentes non universitarios, enmarcado no Plan de linguas estranxeiras, a través do cal durante este curso 2007-2008 un total de 130 auxiliares de conversa procedentes do programa Erasmus, de fala inglesa e francesa, están a desenvolver a súa tarefa educativa nun total de 127 centros da Comunidade galega.

O Goberno galego vén de poñer en marcha este programa de auxiliares nos distintos centros docentes, coa colaboración do Ministerio de Educación e Ciencia, e mediante convenio coas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Este curso 2007-2008 a Administración educativa galega está a colaborar coas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, e o vindeiro curso 2008-2009 farao tamén coa Universidade de A Coruña, o que permitirá un incremento de 60 auxiliares de conversa, chegando ata os 190.

A Administración educativa financia cada un dos convenios coas universidades, achegando en cada caso 125.000 euros, dos que o 60% son financiados pola Xunta de Galicia e o 40% restante polo MEC. O investimento anual deste programa ascende a 375.000 euros.

Iniciativa pioneira

O programa de auxiliares de conversa en centros docentes non universitarios implántase por primeira vez neste curso 2007-2008. Galicia é unha Comunidade pioneira na posta en marcha desta iniciativa, que permite dotar de auxiliares por primeira vez a centros de educación primaria, polo que se reforza o ensino de linguas estranxeiras desde idades moi temperás.

Entre os seus obxectivos atópase mellorar a competencia do alumnado galego en linguas estranxeiras, conseguir que os estudantes teñan unha comunicación fluída no idioma de aprendizaxe, e que o alumnado galego se achegue ás culturas dos países da lingua obxecto de estudo.



Por outra banda, as universidades galegas poderán ofertar esta iniciativa no marco do programa Erasmus, o que supón un valor engadido para estes estudantes, xa que terán a posibilidade de coñecer o sistema educativo galego e estarán en contacto coa cultura e costumes de Galicia.

Este programa de reforzo da oralidade complétase con outra iniciativa cofinanciada tamén polo MEC para o incremento das prazas de profesores nas Escolas Oficiais de Idiomas. Así, no curso 2008-2009 estes centros disporán de 29 auxiliares de conversa.

Ata a actualidade, a Administración educativa mantíña convenios bilaterais con diferentes países europeos e co MEC para a dotación de auxiliares de conversa. No marco destes acordos, a Consellería dispón de 36 auxiliares (3 de alemán, 13 de francés e 20 de inglés), exclusivamente para centros de secundaria.



O PLAN DE MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA PERMITIU INCREMENTAR O CADRO DE PERSOAL, REFORZAR A IMPLANTACIÓN DAS TIC E MELLORAR AS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DOS PROFESIONAIS DA SANIDADE NO SEU PRIMEIRO ANO DE APLICACIÓN

- *O traballo que se estivo a realizar nestes doce meses, permitiu sustentar a arquitectura da futura Atención Primaria*
- *As accións que se están a levar a cabo permiten unha diminución de burocratización e aumento da capacidade resolutive*
- *Ao longo deste primeiro ano de vixencia do Plan de Mellora de Atención Primaria incrementouse o cadro de persoal en 144 profesionais e nos orzamentos para 2008 recóllese a creación de 705 novas prazas en Primaria*
- *Máis do 90% das consultas dos centros de saúde teñen xa acceso á historia clínica electrónica*
- *Reforzouse a dotación de equipamentos informáticos en 300 servizos de Atención Primaria*
- *Asináronse acordos para mellorar as condicións de traballo do persoal de xornada ordinaria e dos puntos de atención continuada*
- *Para este mesmo ano está lista a posta en marcha da receita electrónica, que permitirá diminuír a carga de traballo non asistencial dos profesionais*
- *Cando remate o desenvolvemento do Plan, a Sanidade pública galega estará en disposición de cubrir o 100 por cento das substitucións de facultativos de Primaria; e completar a totalidade do equipamento dos centros de saúde*

O Plan de Mellora da Atención Primaria permitiu ao longo do seu primeiro ano de vixencia lograr avances substanciais que están a sentar as bases dunha asistencia sanitaria do máis alto nivel en Galicia baseada nunha Atención Primaria forte, de calidade e con máis capacidade resolutive. Nestes doce meses, o Plan permitiu incrementar o cadro de persoal deste nivel asistencial en 144 profesionais, reforzar a implantación das tecnoloxías da información e a comunicación e mellorar as condicións de traballos dos profesionais da sanidade, o que redunda en beneficios directos para a cidadanía.

Segundo salientou a conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, no transcurso do Consello da Xunta, onde presentou un informe sobre a evolución do Plan, este permitirá contar cunha carteira de servizos máis ampla e homoxénea ao tempo que tamén repercute en claras melloras na Atención Especializada, que poderá dedicar menos tempo ás consultas de saúde e patoloxías leves, e resolver con maior eficacia e eficiencia posible problemas de saúde de maior complexidade.

O Plan de Mellora da Atención Primaria 2007-2011 -que foi asinado coas centrais sindicais, organizacións profesionais, e as sociedades científicas de médicos e



pediatras- é o instrumento que está a desenvolver esta reforma e co que se pretende recuperar o protagonismo da Atención Primaria como fío condutor do sistema sanitario. Para realizar esta reforma precísanse unha serie de cambios necesarios como ampliación de prazas de todas as categorías profesionais deste nivel asistencial, a consecuente adaptación dos equipamentos e plans funcionais dos centros aos novos cadros de persoal, e modificación organizativas e de xestión para adaptarse aos distintos roles e actividades dos profesionais.

Unha comisión de seguimento, que xa mantivo dous encontros en xuño e outubro de 2007, certifica o bo desenvolvemento do plan e analiza o impacto das medidas conseguidas, revisa criterios e axeita o plan á realidade de cada momento. Este mes, a comisión reunirase por terceira vez co apoio de todos os profesionais.

Actuacións xa realizadas

Durante os doce primeiros meses de vixencia do Plan puxéronse en marcha algunhas das actuacións que están a sentar as bases da arquitectura da futura Atención Primaria e que están a permitir unha diminución de burocratización e aumento da capacidade resolutiva. Nesta liña, houbo actuacións en varios eidos.

No epígrafe do reforzo dos recursos humanos, este plan permitiu que entre abril e decembro de 2007 se contrataran 144 profesionais das distintas categorías de Atención Primaria. Do mesmo xeito, nos orzamentos de 2008 da Consellería de Sanidade recóllese a creación de 705 novas prazas para profesionais de Atención Primaria. Destas novas prazas, 175 corresponden a persoal facultativo, 391 a persoal sanitario non facultativo e 139 a persoal non sanitario.

Para este mesmo ano está lista a posta en marcha da receita electrónica, que permitirá diminuír a carga de traballo non asistencial dos profesionais. Así mesmo, máis do 90 por cento das consultas dos centros de saúde teñen acceso á historia clínica electrónica; realizouse a integración funcional do persoal de enfermaría e matronas; iniciouse a xestión por procesos nas patoloxías recollidas no Plan de saúde; dispónse de acceso á biblioteca virtual desde todos os servizos de Atención Primaria; estase a crear unha rede de unidades de apoio á investigación e, así mesmo, dispónse de acceso aos informes de alta e probas de todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, desde os centros de primaria.

Outras das medidas postas en marcha neste primeiro ano son a dotación de equipos informáticos en 300 servizos de Atención Primaria e Unidades do mesmo nivel asistencial; as guías farmacoterapéuticas para sete problemas de saúde (diabete, asma, tratamento da dor no paciente oncolóxico, dislipemias, hipertensión arterial, ulcus péptico e protección gástrica e, ademais, otite media no neno); o inicio do proxecto de axendas de calidade axeitadas a cada localidade; a xestión por procesos



de cuidados paliativos, o embarazo normal e a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica; e, ademais, a petición de probas de laboratorio, anatomía patolóxica, radioloxía simple e ecografía por parte das e dos facultativos.

Dous acordos complementarios

Neste contexto, o 14 de marzo de 2008 asinouse o acordo sobre a mellora das condicións de oferta de voluntariedade para o persoal de xornada ordinaria e o 4 de abril asinouse o acordo de xornada complementario (puntos de atención continuada). Ambos os dous teñen como obxectivos fundamentais mellorar as condicións de traballo das e das profesionais e asegurar o mantemento da continuidade asistencias, tanto nos centros de saúde como nos dispositivos de urxencias extrahospitalarias. Tamén exemplifican claramente a vontade de diálogo da sanidade pública galega e a procura de solucións consensuadas.

O acordo sobre determinadas condicións de traballo e retributivas do persoal das unidades e servizos de Atención Primaria cumpre dous obxectivos: dunha banda, mellorar as condicións de traballo das e das profesionais para paliar a sobrecarga que se constata en moitos centros de saúde; e por outra banda asegurar o mantemento da continuidade asistencial á poboación galega tanto nas unidades e servizos ordinarios como nos dispositivos de urxencias.

Así, acordouse un procedemento para cubrir as ausencias dos profesionais en período de vacacións, ou por baixas por enfermidade, maternidade. Establécese así un complemento para a intersubstitución, que retribúe a prestación dos servizos médicos que atendan a cota de pacientes adscritos a outros profesionais que estean de baixa; ou a incentivación da voluntariedade da prestación da atención continuada.

A Administración e os sindicatos pretenden que o salario que perciben os profesionais teña relación co número e características da cota de usuarios cuxa asistencia teñen encomendada, facendo máis eficaz o dereito á libre elección de médico.

O réxime laboral derivado deste acordo permite consolidar os traballadores de Primaria do Servizo Galego de Saúde nunhas condicións de traballo que resisten calquera comparación coas dos demais servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde.

En canto ao acordo sobre ordenación e provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e diplomado en enfermaría dos puntos de atención continuada potencia a atención continuada extrahospitalaria e dótaa de maior capacidade resolutiva, incorpora aspectos como a especificidade dos postos de traballo dos PAC, adecuando as retribucións ás peculiaridades inherentes á prestación continua (incorporando os factores de nocturnidade e festividade a través



de complementos que se implantarán de xeito paulatino, empezando polo 40 por cento en 2008). Tamén permite unha redución progresiva da xornada ordinaria ata chegar ás 1.430 horas anuais.

En definitiva, cando remate o desenvolvemento do plan, a sanidade pública galega estará en disposición de cubrir o 100 por cento das substitucións de facultativos de primaria; e completar a totalidade do equipamento dos centros de saúde.

ABEL LOSADA ÁLVAREZ, NOMEADO DIRECTOR XERAL DO GABINETE DE PRESIDENCIA

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o nomeamento de Abel Losada Álvarez como novo director xeral do gabinete de Presidencia.

Abel Losada Álvarez naceu en Ourense. Doutor en Ciencias Económicas é profesor titular de Historia e Institucións Económicas na facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo, especialista en demografía e economía da poboación, publicou monografías e artigos en diferentes revistas nacionais e internacionais, e participou en numerosos congresos en distintas universidades españolas e estranxeiras.

Militante do PSdeG-PSOE desde o ano 1987, secretario de Economía, Estudos e Programas na Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG-PSOE desde o ano 2000, foi concelleiro no Concello de Vigo e deputado na VII lexislatura, na que exerceu a portavocía en materia de obras públicas, urbanismo e transportes. É, ademais, membro das comisións de Industria, Comercio e Turismo e de Asuntos Europeos.



PILAR FERNÁNDEZ ROMERO, NOVA SECRETARIA XERAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe acordou nomear a Pilar Fernández Romero, nova secretaria xeral da Consellería de Sanidade, en substitución de José Manuel Peña Penabad, que cesa a petición propia por motivos persoais.

Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña é master en Dereito Sanitario pola mesma universidade dende 2002, logo de presentar un traballo sobre a reprodución humana asistida. Tamén é diplomada en Enfermaría pola Escola Universitaria de Valdecilla - Universidade de Cantabria. É Funcionaria de carreira dende 1986 por oposición ao Corpo Sanitario de Inspección con destino na Inspección Médica da Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde na Coruña. É experta en Dereito Sanitario e Bionomía Xurídica.

Na actualidade é asesora da conselleira de Sanidade dende 2005, encargada das relacións institucionais e da coordinación co Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Ao longo da súa carreira profesional desenvolveu a súa función na Unidade de Saúde Laboral, na acreditación de centros, auditorías de hospitais e control de centros concertados. No eido da xestión foi directora de Enfermaría na Xerencia de Atención Primaria da Coruña dende 1990 a 1995, e con anterioridade prestou servizos asistenciais en distintos centros de Primaria e de Especializada tanto de Galicia como noutras Comunidades Autónomas.